



## Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/deportivas

# Materia: Filosofía

<b>Grao</b>	SUPERIOR	<b>Data</b>		<b>DNI/NIF</b>	
<b>Alumno/a</b>					
<b>Cualificación</b>					

### INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta, en primeiro lugar, de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de respostas ao final do caderno. En segundo lugar deberá ler con detemento o documento proposto para contestar as cuestións propostas. Estas deberán ter unha certa extensión e non ser respostas moi curtas.

#### Puntuación

**Total: 10 puntos.**

- **Test:** cada resposta correctamente contestada sumará 0,70 puntos. As respostas incorrectas ou en branco non suman nin restan puntuación. A cualificación máxima deste apartado é 7 puntos.
- **Comentario de texto:** cualificarase cun máximo de 3 puntos. Valorarase a expresión ordenada das ideas, a identificación dos elementos significativos básicos, así como a capacidade de análise e relación co momento actual.

#### Duración

A proba terá unha duración de 60 minutos (1 hora).

#### Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de respostas.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

## Parte 1

---

### Test

Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina:

*Indique la respuesta correcta en la tabla de la última página:*

1. A filosofía na idade moderna reflexiona fundamentalmente sobre:

*La filosofía en la edad moderna reflexiona fundamentalmente sobre:*

a) O mundo natural.

*El mundo natural.*

b) O coñecemento.

*El conocimiento.*

c) Problemas morais e políticos.

*Problemas morales y políticos.*

2. Das seguintes afirmacións sobre o coñecemento, cal é falsa?

*De las siguientes afirmaciones sobre el conocimiento, cuál es falsa?*

a) O dogmatismo de Descartes afirma a imposibilidade de alcanzar un coñecemento seguro.

*El dogmatismo de Descartes afirma la imposibilidad de alcanzar un conocimiento seguro.*

b) O criticismo de Kant nega a posibilidade dun coñecemento obxectivo.

*El criticismo de Kant niega la posibilidad de un conocimiento objetivo.*

c) O escepticismo sofista dubida da posibilidade dun coñecemento seguro.

*El escepticismo sofista duda de la posibilidad de un conocimiento seguro.*

3. A verificación en ciencia supón:

*La verificación en ciencia supone:*

a) Que a hipótese debe ser revisada.

*Que la hipótesis debe ser revisada.*

b) Que a hipótese non é confirmada polo experimento.

*Que la hipótesis no es confirmada por el experimento.*

c) Que o experimento confirma os feitos deducidos da hipótese.

*Que el experimento confirma los hechos deducidos de la hipótesis.*

4. Cal destas afirmacións sobre as metafísicas espiritualistas é falsa?

*¿Cuál de estas afirmaciones sobre las metafísicas espiritualistas es falsa?*

a) Afirman que hai unha realidade transfísica.

*Afirman que hay una realidad transfísica.*

b) Afirman que a explicación última de todo fenómeno espiritual está na realidade física.

*Afirman que la explicación última de todo fenómeno espiritual está en la realidad física.*

c) Que debaixo da realidade material existe unha realidade espiritual que lle dá sentido.

*Que debajo de la realidad material existe una realidad espiritual que le da sentido.*

5. Actualmente a ciencia explica a evolución desde:

*Actualmente la ciencia explica la evolución desde:*

a) Teoría sintética.

*Teoría sintética.*

b) Teoría darwinista.

*Teoría darwinista.*

c) Teoría do deseño intelixente.

*Teoría del diseño inteligente.*

6. A postura que nega a existencia de Deus denomínase:

*La postura que niega la existencia de Dios se denomina:*

a) Deísmo.

*Deísmo.*

b) Teísmo.

*Teísmo.*

c) Ateísmo.

*Ateísmo.*

7. A ética deontolóxica Kantiana:

*La ética deontológica Kantiana:*

a) Insiste na importancia de actuar respectando sempre o noso deber.

*Insiste en la importancia de actuar respetando siempre nuestro deber.*

b) Insiste en concienciarnos das consecuencias dos nosos actos.

*Insiste en concienciarnos de las consecuencias de nuestros actos.*

c) Insiste na necesidade de conciliar os nosos intereses cos dos demais.

*Insiste en la necesidad de conciliar nuestros intereses con los de los demás.*

8. A filosofía existencialista de Sartre afirma que:

*La filosofía existencialista de Sartre afirma que:*

a) A esencia precede á existencia.

*La esencia precede a la existencia.*

b) A existencia precede á esencia.

*La existencia precede a la esencia.*

c) Esencia e existencia nos seres humanos é coincidente.

*Esencia y existencia en los seres humanos es coincidente.*

9. Un estado de dereito é:

*Un estado de derecho es:*

a) Un estado no que tanto os cidadáns como os poderes públicos están sometidos á lei.

*Un estado en el que tanto los ciudadanos como los poderes públicos están sometidos a la ley.*

b) Un estado no que o goberno realiza un uso arbitrario do poder.

*Un estado en el que el gobierno realiza un uso arbitrario del poder.*

c) Un estado absolutista.

*Un estado absolutista.*

10. Que falacia implica atacar ao que argumenta en lugar de refutar o seu argumento?

*¿Qué falacia implica atacar al que argumenta en lugar de refutar su argumento?*

a) Falacia ad hominem.

*Falacia ad hominem.*

b) Falacia ad populum.

*Falacia ad populum.*

c) Falacia ad ignorantiam.

*Falacia ad ignorantiam.*

## Parte 2

---

### Comentario de texto

#### Texto

En resumo: A diferenza doutros seres, vivos ou inanimados, os homes podemos inventar e elixir en parte a nosa forma de vida. Podemos optar polo que nos parece bo, é dicir, conveniente para nós, fronte ao que nos parece malo e inconveniente. E como podemos inventar e elixir, podemos equivocarnos, que é algo que aos castores, as abellas e as termitas non adoita pasarlles. De modo que parece prudente fixarnos ben no que facemos e procurar adquirir un certo saber vivir que nos permita acertar. A ese saber vivir, ou arte de vivir se prefires, é ao que chaman ética.

Fernando Savater. *Ética para Amador*.

*En resumen: A diferencia de otros seres, vivos o inanimados, los hombres podemos inventar y elegir en parte nuestra forma de vida. Podemos optar por lo que nos parece bueno, es decir, conveniente para nosotros, frente a lo que nos parece malo e inconveniente. Y como podemos inventar y elegir, podemos equivocarnos, que es algo que a los castores, las abejas y las termitas no suele pasarles. De modo que parece prudente fijarnos bien en lo que hacemos y procurar adquirir un cierto saber vivir que nos permita acertar. A ese saber vivir, o arte de vivir si prefieres, es a lo que llaman ética.*

Fernando Savater. *Ética para Amador*.

#### Preguntas

1. Xustifica a partir do texto que a ética é un asunto especificamente humano.

*Justifica a partir del texto que la ética es un asunto específicamente humano.*

2. Xustifica que a ética poda ser considerada unha arte de vivir.

*Justifica que la ética pueda ser considerada un arte de vivir.*

3. Cales son as grandes cuestións éticas do noso tempo? e son só cuestións éticas ou tamén cuestións políticas?

*¿Cuáles son las grandes cuestiones éticas de nuestro tiempo? ¿y son solo cuestiones éticas o también cuestiones políticas?*

### Resposta pregunta 1

Resposta de elaboración propia. Podería dicirse que a ética é un asunto especificamente humano xa que, fronte ao determinismo dos animais e a súa vida rexida por instintos, supón unha elección libre, darse conta das posibilidades, deliberar, optar, elixir e responsabilizarse. Require de facultades e capacidades especificamente humanas como a imaxinación, o razoamento, a planificación, a liberdade de elección e de acción, conciencia e responsabilidade, entre outras. Ser responsable implica dar conta das nosas accións, polo que recibiremos recoñecemento ou amoestación (dun mesmo e dos demais) e quizá esixencia de reparar os danos. Isto tamén é algo que só pode darse entre humanos.

Isto vémolos nas afirmacións do texto:

- a) *"Podemos inventar e elixir en parte a nosa forma de vida"*, o que supón a falta de programación, a capacidade imaxinativa ou creativa para idear solución, fronte aos animais que están rexidos por instintos. Podemos anticipar, planear,... o que implica capacidade racional, e de sopesar, deliberar
- b) *"Podemos optar polo que nos parece bo, convincente"*, e optar implica que temos liberdade, podemos escoller entre diferentes posibilidades, tamén fronte aos animais e a súa conduta guiada por instintos; se algo nos parece bo ou conveniente é porque o valoramos, o que require deliberación previa. Non é deixarse levar por caprichos, gustos ou apetencias do momento. Tamén aplicamos valores previamente considerados polo grupo social e transmitidos no proceso de socialización, o que implica que somos seres culturais. Actuamos dentro dun código normativo acatándoo ou violándoo. Somos por tanto seres morais.
- c) *"Podemos equivocarnos., parece prudente fixarnos ben no que facemos"*. Implica a necesidade de atender ás consecuencias dos nosos actos, prevelas, visualizalas antes de ocorran, o que implica á imaxinación e á intelixencia; e tamén capacidade de aprender dos erros. Acertar supón evitar danos, ter mellor vida, ser por tanto máis felices.

### Resposta pregunta 2

Resposta de elaboración propia. A ética pode ser unha arte de vivir no sentido de ser un coñecemento que nos capacita ou nos habilita para actuar ben, o que nos axuda a vivir ben. É un coñecemento que cada un debe aprender pero niso non estamos sós, contamos coa ética como disciplina filosófica, unha reflexión racional fundamentada sobre a moral e os valores da que podemos aproveitarnos para dirixir as nosas accións e actuar ben. E esta arte tamén pode aprenderse a partir da repetición de actos que consideramos bos e que se convierten en hábito ou costume, polo que xa nos sairán espontaneamente sen esforzo e conformarán un carácter bo, unha forma de ser virtuosa.

### Resposta pregunta 3

Resposta de elaboración propia. Entre as grandes cuestións morais do noso tempo poderíamos falar da pobreza, da falta dun adecuado nivel de vida, da desigualdade norte-sur, da discriminación social, do consumismo, da globalización, da migración, das guerras, dos conflitos étnicos, da mala aplicación da tecnoloxía (á vida, á intervención no medio,..) e das súas consecuencias, da falta de eticidade das empresas... Ou simplemente podería argumentarse que o gran reto é conseguir que se respecten os dereitos humanos. No mundo actual seguimos asistindo á negación dos dereitos individuais, á permanencia de desigualdades non xustificadas, á ausencia de democracia, a modos irracionais de actuar, como o fanatismo, a arbitrariedade xurídica, a pobreza, a insolidariedade,...

Os grandes problemas éticos son un problema de xustiza, de falta de igualdade. E isto é competencia dos estados. Respetar, protexer e realizar os dereitos humanos é unha obriga dos estados. Só eles poden procurar os medios adecuados para loitar contra a inxustiza, como a educación, o acceso á información, o establecemento de leis xustas, a penalización ás discriminacións,... E ademais, a maior parte das veces os problemas éticos son problemas económicos polo que se necesita da acción política, da solidariedade dos estados, da intervención ou regulación do estado nas institucións civís como o mercado, a empresa, e sobre todo dun programa constante de educación. Entre outras medidas.

É importante a concienciación persoal, o traballo voluntario e a cooperación con ongs, pero sen a intervención dos estados é imposible a solución, ou atenuación, dos grandes problemas éticos.

### Respuesta pregunta 1

Respuesta de elaboración propia. Podría decirse que la ética es un asunto específicamente humano ya que, frente al determinismo de los animales y su vida regida por instintos, supone una elección libre, darse cuenta de las posibilidades, deliberar, optar, elegir y responsabilizarse. Requiere de facultades y capacidades específicamente humanas como la imaginación, el razonamiento, la planificación, la libertad de elección y de acción, conciencia y responsabilidad, entre otras. Ser responsable implica dar cuenta de nuestras acciones, por lo que recibiremos reconocimiento o amonestación (de uno mismo y de los demás) y quizá exigencia de reparar los daños. Esto también es algo que solo puede darse entre humanos.

Esto lo vemos en las afirmaciones del texto:

- a) *"Podemos inventar y elegir en parte nuestra forma de vida"*, lo que supone la falta de programación, la capacidad imaginativa o creativa para idear soluciones frente a los animales que están regidos por instintos. Podemos anticipar, planear,... lo que implica capacidad racional, y de sopesar, deliberar.
- b) *"Podemos optar por lo que nos parece bueno, convincente"*, y optar implica que tenemos libertad, podemos escoger entre diferentes posibilidades, también frente a los animales y su conducta guiada por instintos; si algo nos parece bueno o conveniente es porque lo hemos valorado, lo que requiere deliberación previa. No es dejarse llevar por caprichos, gustos o apetencias del momento. También aplicamos valores previamente considerados por el grupo social y transmitidos en el proceso de socialización, lo que implica que somos seres culturales. Actuamos dentro de un código normativo acatándolo o violándolo. Somos por tanto seres morales.
- c) *"Podemos equivocarnos., parece prudente fijarnos bien en lo que hacemos"*. Implica la necesidad de atender a las consecuencias de nuestros actos, preveerlas, visualizarlas antes de ocurran, lo que implica a la imaginación y a la inteligencia; y también capacidad de aprender de los errores. Acertar supone evitar daños, tener mejor vida, ser por tanto más felices.

### Respuesta pregunta 2

Respuesta de elaboración propia. La ética puede ser un arte de vivir en el sentido de ser un conocimiento que nos capacita o nos habilita para actuar bien, lo que nos ayuda a vivir bien. Es un conocimiento que cada uno debe aprender pero en ello no estamos solos, contamos con la ética como disciplina filosófica, una reflexión racional fundamentada sobre la moral y los valores de la que podemos aprovecharnos para dirigir nuestras acciones y actuar bien. Y este arte también puede aprenderse a partir de la repetición de actos que consideramos buenos y que se convierte en hábito o costumbre, por lo que ya nos saldrán espontáneamente sin esfuerzo y conformará un carácter bueno, una forma de ser virtuosa.

### Respuesta pregunta 3

Respuesta de elaboración propia. Entre las grandes cuestiones morales de nuestro tiempo podríamos hablar de la pobreza, de la falta de un adecuado nivel de vida, la desigualdad norte-sur, la discriminación social, el consumismo, la globalización, la migración, las guerras, los conflictos étnicos, la mala aplicación de la tecnología (a la vida, a la intervención en el medio,...) y sus consecuencias, la falta de ética de las empresas... O simplemente podría argumentarse que el gran reto es conseguir que se respeten los derechos humanos. Seguimos asistiendo a la negación de los derechos individuales, la permanencia de desigualdades no justificadas, la ausencia de democracia, modos irracionales de actuar, como el fanatismo, la arbitrariedad jurídica, la pobreza, la insolidaridad,... Los grandes problemas éticos son un problema de justicia, de falta de igualdad. Y esto es competencia de los estados. Respetar, proteger, realizar los derechos humanos es una obligación de los estados. Sólo ellos pueden procurar los medios adecuados para luchar contra la injusticia, como la educación, el acceso a la información, el establecimiento de leyes justas, la penalización a las discriminaciones,... Y además, la mayor parte de las veces los problemas éticos son problemas económicos por lo que se necesita de la acción política, de la solidaridad de los estados, de la intervención o regulación del estado en las instituciones civiles como el mercado, la empresa, y sobre todo de un programa constante de educación. Entre otras medidas.

Es importante la concienciación personal, el trabajo voluntario y la cooperación con ongs, pero sin la intervención de los estados es imposible la solución, o atenuación, de los grandes problemas éticos.

## Filosofía

---

### Táboa de respostas do test

Marque cun X a letra da resposta que considere correcta:

*Marque con una X la letra de la respuesta que considere correcta:*

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1		X	
2	X		
3			X
4		X	
5	X		
6			X
7	X		
8		X	
9	X		
10	X		

Preguntas tipo test	/ 7
Redacción	/ 3
Total	/10